

Accións da Xefatura do Departamento de Orientación durante o estado de alarma pola pandemia do COVID-19

A Xefatura do Departamento de Orientación do CPR Hermanos Quiroga vén desenvolvendo diversas accións encamiñadas especialmente á orientación vocacional, ao asesoramento á comunidade educativa e atención e seguemento do alumnado ACNEAE. A continuación detallanse as accións levadas a cabo en cada un dos eidos mencionados.

Orientación Vocacional:

- Envío de información ao alumnado de 4º da ESO respecto de tódalas etapas educativas post-obrigatorias ás que se pode acceder co título da ESO, ao mesmo tempo remíteuselle aos alumnos información sobre o funcionamento das mesmas
- Envío de información ao alumnado de 4º da ESO sobre as posibilidades que ofrece cada unha das etapas de formación post-obrigatoria mencionadas anteriormente.
- Envío de información ao alumnado de 3º e 4º da ESO relativa ás distintas modalidades e familias da FP
- Envío de cuestionarios de orientación vocacional para o alumnado de 4º da ESO coa fin de que sirvan de axuda na toma de decisións vocacionais
- Contacto por e-mail para o asesoramento de todo o alumnado

Asesoramento á comunidade educativa:

- Achegouse información relativa, ao traballo telemático ao equipo docente
- Facilitáronse os datos de contacto para que as familias puidesen contactar ao departamento de orientación se así o precisaban
- Envío de pautas psicolóxicas ás para afrontar do mellor xeito posible esta situación de confinamento, tanto para pais e nais como para os fillos/as
- Envío de pautas ás familias para xestionar o tempo adicado ás tarefas escolares e ao mesmo tempo favorecer rutinas saudables durante a situación de confinamento

Seguemento do alumnado ACNEAE:

- Mantívose contacto co alumnado ACNEAE cando se solicitou por parte dalgún membro do equipo docente, este contacto foi encamiñado a asegurar o benestar psicolóxico deste alumnado e das súas familias
- Mantívose contacto e fíxose un seguemento do alumnado e das familias máis vulnerables ás consecuencias do confinamento, especialmente aquelas que estaban en grave risco dun deterioro psicolóxico serio

O Xefe do Departamento de Orientación

Pablo Outeda Fariña

